

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULTADE DE INFORMÁTICA CURSO 2019/20

1. Contexto

O plan de acción tutorial corresponde a unha directriz de calidade que recomenda a asignación dun titor a cada alumno para que supervise a súa correcta adaptación ao centro e o axeitado aproveitamento das súas aprendizaxes.

A Facultade de Informática ten xa unha experiencia de máis de dez anos dentro do Plan de Acción Tutorial (PAT) coordinado dende a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña (UDC).

As titulacións ofertadas polo centro no curso 2019/20 e que forman parte do PAT son as seguintes:

- Grao en Enxeñaría Informática.
- Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos.
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática.
- Mestrado Universitario Matemática Industrial.
- Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas.
- Mestrado Universitario en Bioinformática para Ciencias da Saúde.
- Mestrado Universitario en Ciberseguridade.
- Mestrado Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións.

Todo o alumnado matriculado nas titulacións mencionadas máis arriba forma parte do PAT do centro, o que da lugar a un número moi alto de estudantes.

O PAT do Grao en Enxeñaría en Informática e do Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos (nova titulación que se inicia no curso 2019/20) estrutúrase ao redor do chamado **PAT en grupo**, de xeito que cada grupo de teoría ten asignado un titor de grupo para cada cuatrimestre. O titor de grupo é tamén o encargado das labores de tutoría individual. O PAT en grupo complementase co chamado **Programa Mentoring**, polo que estudantes mentores escollidos entre os últimos cursos do Grao en Enxeñaría en Informática colaboran nas tarefas de orientación ós estudantes do primeiro curso.

Ademais da orientación recibida por parte dos titores, o alumnado conta coa información dispoñible na web da facultade, (<http://www.fic.udc.es/>), na wiki (<https://wiki.fic.udc.es/>), no portal de estudos da UDC (<http://estudos.udc.es/>) e no sistema de seguimento da calidade (<http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=614>).

2. Análise das necesidades

Distínguese entre estudantes de novo ingreso, de continuación de estudos, de mobilidade ou de necesidades especiais.

O estudante de novo ingreso, especialmente no caso dos Graos, precisa dunha orientación diferenciada á do resto do alumnado de cara a unha correcta adaptación á titulación, ao centro, e á vida universitaria en xeral. Coa implantación do Programa de Estudantes Mentores acadáronse altas cotas de participación do alumnado de novo ingreso.

As principais dúbidas que teñen os estudantes de continuación de estudos do noso centro corresponden a cuestións de tipo organizativo (elección de grupos e horarios, procedementos de matrícula, etc.). Moitas destas dúbidas están derivadas da complexidade do plan de estudos, e tamén de orientación profesional, sobre todo nos últimos cursos.

3. Metas, obxectivos e contidos

O PAT do centro ten os seguintes obxectivos:

- Axudar á adaptación e integración do alumnado de nova incorporación.
- Fomentar o uso dos recursos e servizos dispoñibles tanto no centro como na Universidade para mellorar a vida universitaria dos alumnos.
- Potenciar o rendemento académico e a adquisición de competencias transversais do alumnado do centro.
- Orientar ao alumnado de cara á incorporación ao mercado laboral.
- Fomentar a participación do alumnado no PAT e, máis en xeral, na vida do centro e na representación de estudantes.

Algúns dos puntos a tratar nas sesións de orientación entre os titores e o alumnado son:

- A función do PAT no centro e a adaptación ás necesidades do alumnado.
- Coñecemento que ten o alumnado sobre o centro: calendario académico, horarios, exames, equipo directivo e as súas funcións, espazos, servizos e recursos do centro.
- Particularidades do plano de estudos (especialidades, materias optativas, prácticas en empresas, traballos fin de grao/mestrado).
- Asociacións estudiantís e de representación de estudantes.
- Servizos, programas, asociacións útiles na súa vida académica tanto do centro como da UDC: secretaría, biblioteca, LERD, SAPE, OSL/GPUL, Erasmus, CAU, CeCaFi, extensión universitaria (deporte, cultura), ADI, etc.
- Docencia en inglés e mobilidade (de fin de estudos e prácticas).
- Adquisición de competencias transversais (habilidades de comunicación, emprendimento, etc).
- Información de diferentes tipos de matrícula (tempo parcial), recoñecementos, paso dende titulacións a extinguir a titulacións novas.
- Orientación laboral, detectar cal é o coñecemento da súa profesión.

- Información sobre formación de posgrao (mestrados no centro e outros).

4. Recursos

O recurso principal do PAT do centro é o persoal humano. Para ofertar unha axeitada orientación ao alumnado no Grao en Enxeñaría en Informática e no Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos (as que teñen maior número de estudantes matriculados), potenciárase o PAT en grupo e tamén o Programa de Estudantes Mentores en detrimento do emparellamento individual entre estudantes e titores individuais. As labores de titoría individualizada serán levadas a cabo polos correspondentes titores de grupo.

Para o caso concreto dos Graos en Enxeñaría en Informática e en Ciencia e Enxeñaría de Datos establecérase un grupo de titoría por cada grupo de docencia expositiva e cuatrimestre, resultando un total de 39 grupos diferentes ós que se lles asignará un titor de grupo para cada un. A un mesmo titor poderáselle asignar máis dun grupo.

Con respecto ó Programa de Estudantes Mentores, os alumnos de novo ingreso dividiránse en grupos reducidos e asignaranse dous estudantes mentores para cada un deles. Os estudantes mentores son escollidos de entre os estudantes dos últimos cursos do Grao en Enxeñaría en Informática ou dos mestrados que se ofertan no centro e sempre que cursaran o Grao en Enxeñaría en Informática no centro.

As actividades de orientación aos estudantes desenvólvense en diversos espazos e con recursos do centro dependendo do número de alumnos: salón de actos (para xornadas de acollida, charlas informativas sobre aspectos relacionados coa titulación, xornadas de orientación laboral e formación complementaria, etc.), sala de xuntas, sala de graos e as aulas, que serán o lugar habitual de xuntanzas para reunións en grupo, tanto cos titores como cos estudantes mentores.

O PAT do centro utiliza tamén unha serie de recursos informáticos, especialmente a web do centro (<http://www.fic.udc.es>), a wiki propia da facultade, onde se inclúe un apartado específico para o PAT (<https://wiki.fic.udc.es/alumnos:pat:indice>), redes sociais, e tamén contén outros apartados de orientación ó estudante (mobilidade, actividades para o alumnado, docencia, traballos fin de grao, prácticas en empresas, etc.).

5. Modelo organizativo

Os principais axentes involucrados no PAT do centro son os seguintes (enuméranse xerarquicamente):

- Coordinador PAT do Centro
 - o Coordinador PAT do Grao en Enxeñaría Informática
 - Titores grupais
 - Estudantes mentores
 - o Coordinador PAT do Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos
 - Titores grupais
 - Estudantes mentores

- o Coordinador PAT de cada un dos mestrados universitarios que se indican ó inicio do presente documento.

Funcións do Coordinador PAT do centro

- Divulgar o PAT entre profesores e estudantes.
- Realizar o seguimento e avaliación do proxecto do PAT do centro para a súa mellora en cursos posteriores.
- Representar o PAT do centro nas reunións de coordinadores do PAT da UDC.

Funcións do Coordinador PAT da titulación

- Realizar sesións informativas para os titores, informando sobre as tarefas a desenvolver.
- Elaborar os documentos de traballo.
- Convocar as reunións de coordinación dos titores.
- Establecer o cronograma do PAT para a súa titulación.
- Coordinar a avaliación do PAT e elaborar un informe, xunto co coordinador PAT do centro.

Funcións do titor de grupo

- Orientar académica e profesionalmente ós estudantes.
- Remitir a outros servizos cando existe un problema que o titor non pode abordar.
- Informar ó coordinador PAT da titulación ou do centro de calquera problema, suxerencia ou incidencia que considere oportuno para acadar maior éxito no programa.

Asignación de titores de grupo

Nas titulacións de Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos, aparte das labores de titoría, cada un dos titores de grupo será o encargado da coordinación do(s) estudante(s) mentores que correspondan.

Asignación de estudantes mentores

Os estudantes mentores escóllense entre o alumnado dos últimos cursos do Grao en Enxeñaría Informática (3º e 4º) ou dos mestrados que se ofertan no centro (sempre que cursaran o Grao en Enxeñaría en Informática no centro) que se presenten de xeito voluntario para participar no programa. Os estudantes mentores deberán coordinarse cos titores dos grupos correspondentes de cara á celebración das distintas actividades de orientación (principalmente xuntanzas).

Para o caso dos mestrados a orientación pasa directamente pola coordinación de cada mestrado, que asume o rol da titoría para todo o alumnado do mesmo.

6. Planificación

A continuación, detállase a planificación das accións de orientación para o alumnado inscritas dentro do PAT para cada unha das titulacións ofertadas no centro.

Grao en Enxeñaría Informática

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Sesións de tutoría cos titores PAT	Orientar e asesorar ao alumno dentro das funcións do programa PAT	Todo o curso académico	Todo o alumnado	Coordinador e titores
Captación estudantes mentores	Informar e captar entre os estudantes de últimos anos do grao ou de mestrados aos alumnos mentores	Finais de xullo de e principios de setembro	Estudantes de 3º e 4º de grao ou de mestrados do centro	Coordinador PAT da titulación
Captación titores grupais	Informar e captar entre o profesorado do centro a suficientes titores grupais para os distintos grupos de alumnos do grao	Finais de xullo e de principios de setembro	Profesorado	Coordinador PAT da titulación
Xornadas de acollida	Presentar o equipo decanal, instalacións, recursos docentes, aulas, biblioteca, servizos da UDC e en xeral a organización dos graos	Principios de setembro	Alumnado de novo ingreso	Equipo decanal e coordinador PAT do centro
Reunión inicial do Programa de Estudantes Mentores	Presentar o programa ós estudantes mentores e iniciar a planificación de reunións	Setembro	Estudantes mentores	Coordinador PAT do centro
Reunións de estudantes mentores	Orientar e axudar ós estudantes	Durante todo o curso	Alumnado de primeiro curso do grao	Estudantes mentores
Reunións informativas TFG	Presentar os trámites, condición e organización do traballo fin de grao	Outubro	Alumnado matriculado en TFG	Coordinador da titulación
Reunión inicial con titores grupais	Planificar o desenvolvemento do PAT grupal ó longo do curso	Setembro	Titores grupais	Coordinador PAT do centro
Primeira reunión grupal	Orientar e asesorar ó estudante ó inicio do curso académico	Setembro	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Segunda reunión grupal	Orientar e asesorar ao alumno á metade do curso académico	Febreiro	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Xornada de presentación de especialidades	Presentar os contidos e obxectivos das especialidades da	Maio	Alumando que debe elixir especialidade	Coordinador da titulación

	titulación			
Terceira reunión grupal	Orientar e asesorar ao alumno a finais do curso académico	Finais de maio	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Reunións informativas prácticas en empresas	Presentación dos trámites, condición e organización do traballo fin de grao e as prácticas externas en empresas	Xuño	Alumnado que optar a prácticas en empresas	Dirección do centro e FUAC
Reunión final con estudantes mentores	Analizar os resultados do programa mentoring ó longo do curso	Xuño / xullo	Estudantes mentores	Coordinador PAT da titulación
Reunión final con titores grupais	Analizar os resultados do PAT grupal ó longo do curso	Xuño / Xullo	Titores grupais	Coordinador PAT da titulación
Inicio da planificación do PAT para o curso seguinte	Analizar as necesidades detectadas ó longo do curso de cara a planificación do proxecto PAT do curso seguinte	Xuño	Profesorado	Coordinador PAT da titulación

Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Sesións de titoría cos titores PAT	Orientar e asesorar ao alumno dentro das funcións do programa PAT	Todo o curso académico	Todo o alumnado	Coordinador e titores
Captación estudantes mentores	Informar e captar entre os estudantes de últimos anos do Grao en Enxeñaría Informática ou de mestrados aos alumnos mentores	Finais de xullo de e principios de setembro	Estudantes de 3º e 4º do Grao en Enxeñaría Informática ou de mestrados do centro	Coordinador PAT da titulación
Captación titores grupais	Informar e captar entre o profesorado do centro os titores grupais	Finais de xullo e de principios de setembro	Profesorado	Coordinador PAT da titulación
Xornadas de acollida	Presentar o equipo decanal, instalacións, recursos docentes, aulas, biblioteca, servizos da UDC e en xeral a organización do grao	Principios de setembro	Alumnado de novo ingreso	Equipo decanal e coordinador PAT do centro

Reunión inicial do Programa de Estudantes Mentores	Presentar o programa ós estudantes mentores e iniciar a planificación de reunións	Setembro	Estudantes mentores	Coordinador PAT do centro
Reunións de estudantes mentores	Orientar e axudar ós estudantes	Durante todo o curso	Alumnado de primeiro curso do grao	Estudantes mentores
Reunión inicial con titores grupais	Planificar o desenvolvemento do PAT grupal ó longo do curso	Setembro	Titores grupais	Coordinador PAT do centro
Primeira reunión grupal	Orientar e asesorar ó estudante ó inicio do curso académico	Setembro	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Segunda reunión grupal	Orientar e asesorar ao alumno á metade do curso académico	Febreiro	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Terceira reunión grupal	Orientar e asesorar ao alumno a finais do curso académico	Finais de maio	Todo o alumnado (por grupo)	Titor grupal
Reunión final con estudantes mentores	Analizar os resultados do programa mentoring ó longo do curso	Xuño / xullo	Estudantes mentores	Coordinador PAT da titulación
Reunión final con titores grupais	Analizar os resultados do PAT grupal ó longo do curso	Xuño / Xullo	Titores grupais	Coordinador PAT da titulación
Inicio da planificación do PAT para o curso seguinte	Analizar as necesidades detectadas ó longo do curso de cara a planificación do proxecto PAT do curso seguinte	Xuño	Profesorado	Coordinador PAT da titulación

Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornada de presentación do mestrado	Presentar as características do mestrado	Abril	Todos os alumnos interesados	Coordinador do mestrado
Mantemento da web informativa	Ofrecer información sobre as dúbidas máis habituais (admisión, horarios, ...)	Durante todo o curso	Todos os alumnos interesados	Coordinador do mestrado
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, materias,	Setembro	Todos os alumnos	Coordinador do mestrado

	recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado		matriculados ou preinscritos pendentos de matricular	
Xornadas de presentación de materias	Presentar as materias, dos seus contidos, características e desenvolvemento, e do proceso de avaliación.	Primeira clase de cada materia	Estudantes matriculados	Coordinadores de cada materia
Sesiões de tutoría sobre procedemento e condicións de matrícula	Orientar e asesorar aos alumnos sobre todos os procedementos e prazos relacionados coa preinscrición e matrícula.	Principalmente de xuño a outubro, pero tamén ao longo do curso.	Os alumnos interesados no mestrado	Coordinador do mestrado
Seguimento e contacto cos estudantes que realizan as solicitudes de preinscrición e matrícula	Facer un seguimento das solicitudes presentadas, garantir o interese dos estudantes no mestrado.	Principalmente de xuño a outubro, pero tamén ao longo do curso.	Os estudantes que presentaron calquera tipo de solicitude relacionada co mestrado	Coordinador do mestrado
Orientación sobre o procedemento de recoñecemento de créditos e ampliación de matrícula	Asesorar aos estudantes sobre as posibilidades de solicitar ditos recoñecementos.	De xuño a novembro, pero fundamentalmente os meses desde setembro a novembro.	Os estudantes interesados	Coordinador do mestrado
Reunión informativa sobre as Prácticas en Empresa (PE)	Presentar as características da materia PE, explicar as modalidades que existen de cursala, requisitos, prazos, etc.	Maio / Xuño	Os estudantes candidatos a cursar PE	Coordinador da materia "Prácticas de empresa"
Reunión informativa sobre o Traballo Fin de Mestrado	Presentar os trámites, condicións e organización do TFM.	Maio / Xuño.	Os estudantes candidatos a presentar anteprojectos e TFM	Coordinador do mestrado
Sesiões de revisión do desenvolvemento da titulación	Contrastar cos estudantes o desenvolvemento da titulación, tanto nas facetas docentes como organizativas. Discutir propostas de mellora e trasladalas aos	Ao remate do período lectivo	Estudantes da titulación que seguiron o curso	Coordinador do mestrado

	coordinadores das materias, ao equipo decanal, etc.			
Orientación profesional dos estudantes e establecemento de contactos coas empresas	Resolver dúbidas sobre a incorporación ao mundo laboral dos estudantes, recoller demandas das empresas, trasladar as demandas aos estudantes que cumpren os requisitos solicitados polas empresas, seguimento de satisfacción sobre as condicións económicas e laborais dos estudantes contratados, etc.	Ao longo do curso	Os estudantes que desexan incorporarse ao mundo laboral e empresas que demandan traballadores cualificados	Coordinador do mestrado

Mestrado Universitario en Matemática Industrial

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Sesións de tutoría cos títulos asignados no PAT	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Cada tutor no PAT cos alumnos asignados

Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Sesións de tutoría	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Coordinador do mestrado

Mestrado Universitario en Bioinformática para Ciencias da Saúde

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Sesións de titoría	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Coordinador do mestrado

Mestrado Universitario en Ciberseguridade

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Sesións de titoría	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Coordinador do mestrado

Mestrado Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións

Acción	Obxectivos	Calendario	Destinatarios	Responsable
Xornadas de acollida	Presentar o equipo docente, recursos docentes, aulas, biblioteca, e en xeral a organización do mestrado	Setembro	Todos os alumnos matriculados ou preinscritos pendentes de matricular	Coordinador do mestrado
Sesións de titoría	Orientar e asesorar ao alumno en aspectos como as materias optativas das que matricularse, a planificación do esforzo, a elección do proxecto fin de mestrado, etc.	Durante todo o curso académico	Todos os alumnos matriculados no mestrado	Coordinador do mestrado
Xuntanza	Explica ao alumnado	Decembro	Todos os	Coordinador

informativa sobre traballo fin de mestrado e as prácticas en empresas	aspectos prácticas e normativos destas dúas asignatura do mestrado: normativa aplicable, calendarios, etc... e resolver as dúbidas que los alumnos poidan ter ao respecto		alumnos matriculados no mestrado	do mestrado
--	---	--	----------------------------------	-------------

7. Avaliación

O profesorado participante no PAT do centro, así como o alumnado, poderá avaliar o plan ao finalizar o curso académico utilizando o modelo de enquisas propostas dende o PAT da UDC.

Para cada titulación organizarase posteriormente unha reunión final de coordinación entre tódolos titores (con posible representación do equipo decanal) para analizar os resultados do PAT. A memoria do PAT recollerá as conclusións acadadas nestas reunións, incluíndo as necesidades detectadas do alumnado, os puntos fortes e débiles do plan, así como as acción de mellora para proxecto do PAT do curso seguinte.

O coordinador do PAT do centro participará e colaborará nas accións de avaliación e seguimento organizadas dende a coordinación xeral do PAT da UDC.